


# Os e as escritoras galegas entregaron os seus premios na Gala das Letras 2014

Publicado por [Redacción](#)

tamaño de fonte

[Imprimir](#)

[Engadir comentario](#)



As escritoras e os escritores galegos celebraron o pasado sábado, no Teatro Principal de Pontevedra, a Gala das Letras, que organiza anualmente a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) para recoñecer o traballo desenvolvido polos seus compañeiros.

Alén dos premios que se outorgarían no transcurso da gala, con anterioridade xa se coñecían tres dos recoñecementos outorgados pola Asemblea de Socios e Socias da AELG, estes eran:

O premio Mestres e Mestras da Memoria, que se concedeu nesta segunda edición a Elba Requeijo e Xavier Blanco, por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de

saberes e valores da nosa cultura popular tradicional.

O Premio Institucións que se concede a quen contribúise á divulgación da lingua e cultura galega, e co que a AELG valora tamén o impulso dalgunhas institucións na promoción do teatro: O proxecto Buxiganga, da Área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, polo seu labor de difusión e socialización do teatro galego; a Área de Cultura de Deputación da Coruña, polo Premio de teatro Rafael Dieste; e aos concello de Narón e Tui, como concellos que dedican un especial esforzo ás artes escénicas.

O terceiro recoñecemento correspondía ao Premio AELG 2014 'Escritor Galego Universal', outorgado pola Asemblea a Bernardo Atxaga, galardón que a distingue como autora que combina a excelencia literaria co compromiso ético que o converte en referente na defensa da dignidade humana.

No transcurso da gala a AELG tamén se entregou a distinción "Bos e Xenerosos", coa que a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega quere recoñecer o esforzo e o compromiso da xente do espectáculo para manter vivos os nosos escenarios nun momento en que os recortes afectan de maneira especial ás programacións culturais. Desta maneira, a AELG premiou representantes de todas os ámbitos da escena galega: a compañía Sarabela Teatro, Achádego Teatro de Lugo, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a Editorial Laiovento e o proxecto Casahamlet, e ao Premio de teatro infantil da A.C. O Facho.

Como remate, as e os gañadores dos Premios AELG 2014, que premian as mellores obras editadas en 2013, e que foron:

Narrativa: A lúa da colleita (Galaxia) de Anxos Sumai.

Poesía: Raíz da fenda (Xerais) de Berta Dávila.

Ensaio: A revolución non vai ser televisada (Euseino?) de Rebeca Baceiredo.

Teatro: Obras Completas (vols. I, II e III), de Roberto Vidal Bolaño, publicadas por Edicións Positivas.

Tradución: Ulises (Galaxia) de James Joyce, na tradución de Antón Vialle, Eva Almazán, María

Alonso Seisdedos e Xavier Queipo.

Literatura Infanto-xuvenil: A illa de todas as illas (Xerais) de Xabier P. DoCampo.

Xornalismo Cultural: Carme Vidal.

Blog Literarios: Caderno da crítica, de Ramón Nicolás.

O Consello Directivo da AELG fixo constar os parabéns máis sinceros aos compañeiros e compañeiras de oficio hoxe premiados nesta Gala das Letras, felicitación e aplauso que fai extensivo a todos os autores e autoras finalistas, e mais os propostos na primeira quenda de votacións, cuxo labor creativo conxunto merece tamén o público recoñecemento, pois todo el se converte nunha globalidade creadora, copartícipe testemuño necesario, ano a ano, dunha sementeira literaria que agroma para orgullo da sociedade galega desde a vindicación irrenunciábel da súa ferramenta máis prezada: a lingua galega en perpetua construción de futuro lexítimo.

JComments

...